

MEMORIA XUSTIFICATIVA DA NECESIDADE DE CONTRATACIÓN

1. SERVIZO OU DEPARTAMENTO QUE PROPÓN A CONTRATACIÓN E Ó QUE VAI DIRIXIDA A PRESTACIÓN NA QUE SE CONCRETA O CONTRATO.-

CULTURA, EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE, DEPORTES E TURISMO

2. PRESTACIÓN CUXA CONTRATACIÓN SE PROPÓN (OBXECTO DO CONTRATO).-

1.-O obxecto do presente contrato é a execución da prestación do servizo de catering e de persoal monitor/coidador de comedor escolar, nos 10 centros educativos públicos de Educación Infantil e Educación Primaria do Concello de Ferrol.

A prestación do servizo de catering e de persoal monitor/coidador de comedor escolar consiste en:

A) A elaboración de xantares na cociña da empresa de catering prestadora deste servizo, o seu servizo e a vixilancia e a atención ao alumnado con persoal monitor /coidador do alumnado.

B) A elaboración de almozos no comedor de cada centro educativo, o seu servizo e a vixilancia e a atención ao alumnado con persoal monitor /coidador do alumnado.

C) Deseño para a súa posterior posta en marcha a cargo do persoal monitor/coidador, coa supervisión e coordinación da persoa encargada da coordinación deste persoal, de programas educativos de desenvolvemento da promoción da saúde, hábitos alimenticios saudables e habilidades persoais, nos horarios de prestación dos servizos citados nos apartados A) e B).

Os referidos centros de Educación Infantil e Primaria son:

CEIP JUAN DE LÁNGARA Y HUARTE

CEIP CRUCEIRO DE CANIDO

CEIP ESTEIRO

CEIP ISAAC PERAL

CEIP LEDICIA

CEIP DE PAZOS-MESTRE GARCÍA NIEBLA

CEIP ÁNGELA RUIZ ROBLES

CEIP SAN XOÁN DE FILGUEIRA

CEIP PONZOS

CEIP A LAXE-VALÓN

3. NECESIDADES QUE PRETENDEN CUBRIRSE CO CONTRATO PROXECTADO, E XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO E REALIZACIÓN DOS FINS INSTITUCIONAIS DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN COA SATISFACCIÓN DESTA NECESIDADE (Competencia Municipal).-

O Concello de Ferrol, mediante acordo plenario de data 26.08.2021 aprobou o convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, e o Concello de Ferrol para a xestión do servizo de comedor escolar nos centros educativos (CEIP) situados no termino municipal.

O dito convenio foi asinado polos representantes de ambas dúas Administracións o día 30.08.2021.

O referido convenio supuxo a aceptación por parte do Concello de Ferrol de prestar o dito servizo público para os cursos escolares 2021-2022, 2022-2023.

Con data 25 de agosto do ano 2023, o pleno do concello aprobou a prorroga para os dous seguintes cursos (2023-2024 e 2024-2025), asinándose a addenda o día 15 de setembro.

A tenor do citado convenio, o Concello de Ferrol asume a obriga para a xestión e organización do servizo de comedor escolar nos centros docentes CEIP Almirante Juan de Lángara y Huarte, CEIP Cruceiro de Canido, CEIP Ángela Ruiz Robles, CEIP Isaac Peral, CEIP Leticia, CEIP San Xoán de Filgueira, CEIP Esteiro, CEIP de Pazos-Mestre García Niebla, CEIP Ponzos e CEIP A Laxe, radicados neste concello, para un total de 396 usuarios autorizados máximo previstos.

A dita obriga implica o cumprimento por parte do Concello de Ferrol dos seguintes contidos (cláusula segunda do convenio, expediente relacionado):

1. A elaboración de comidas cos seguintes requirimentos:

Os citados menús poñeranse en coñecemento do consello escolar de cada centro educativo, debendo garantirse a adecuación destes ás necesidades nutricionais dos/das usuarios/as do servizo e á inxestión calórica dos nutrientes, así como ás características gastronómicas de cada estación do ano.

O menú será o mesmo para todos/as os/as comensais que fagan uso do servizo, sexa alumnado ou persoal do centro. En calquera caso, o alumnado do centro que teña algún tipo de intolerancia ou alerxia alimentaria, acreditada mediante certificado médico, disporá dun menú adecuado ás súas necesidades.

O servizo e distribución dos menús escolares ata as mesas do comedor escolar, o seu reparto entre os comensais e a recollida do material empregado.

2. A vixilancia, asistencia e coidado do alumnado durante a utilización do servizo de comedor, así como nos períodos comprendidos dende a finalización da última clase da mañá ata o comezo da seguinte actividade educativa ou ata a súa volta á casa, de ser o caso. Nestes períodos fomentaranse programas de promoción da saúde, hábitos alimenticios e habilidades persoais.

3. Financiamento do custo dos comedores escolares dos centros anteriormente citados, contratando a prestación do servizo de comedor escolar para cada centro educativo, de conformidade cos procedementos e formalidades esixidos pola normativa vixente en materia de contratación pública, así como o control posterior da súa execución, sendo de cargo dos usuarios do citado servizo, de así determinalo o concello, o financiamento dos custos en todo o que exceda da achega económica da consellería sen que, en ningún caso, a asunción destas obrigas afecte ao cumprimento da lexislación de estabilidade orzamentaria.

4. Así mesmo, o concello comprométese a:

1. Contratar os medios humanos, técnicos e materiais necesarios para o axeitado desenvolvemento dos traballos, de acordo coa normativa vixente en materia de contratación pública.
2. Sufragar os menús dos coidadores de NEEs, que, durante a súa xornada laboral, han de asistir no comedor aos escolares que teñan asignados, no caso de existiren nos centros cuxos comedores son xestionados polo concello.

Polo tanto, mediante o presente contrato aténdese ao cumprimento dos compromisos asumidos por este Concello derivado da sinatura do convenio citado, no contexto do ámbito competencial non propio regulado no art. 7 la Lei 7/1985 Reguladora de Bases de Régimen Local.

O comedor escolar é un recurso educativo de carácter complementario, compensatorio e social especialmente destinado a garantir a efectividade da educación básica obrigatoria dentro dos principios de igualdade e solidariedade. De acordo co indicado na memoria xustificativa do contrato, o servizo de comedor escolar contribúe a reducir as desigualdades sociais e económicas das familias residentes no Concello de Ferrol e resulta un elemento imprescindible para a conciliación da vida familiar e laboral.

A inexistencia de persoal municipal con cualificación específica para a realización desta prestación fai necesaria a súa contratación externa.

4. IDONEIDADE DO OBXECTO E CONTIDO DO CONTRATO PARA SATISFACER AS NECESIDADES QUE PRETENDEN CUBRIRSE.-

Partindo da inexistencia de medios organizativos e de persoal, que se indica no documento específico deste expediente, a contratación que se pretende, engloba o conxunto de actuacións dirixidas ao deseño dos menús, elaboración dos mesmos, o seu servizo aos usuarios, e seguimento de asistencia aos mesmos durante a prestación de servizo de comedores así como a prestación de servizos complementarios atendendo ao carácter educativo que corresponde aos servizos de comedores escolares nos CEIP atendendo ao disposto pola normativa autonómica.

Concretamente para a prestación deste servizo é necesario:

A) XANTARES:

A elaboración das comidas do xantar nas cociñas propias da empresa adxudicataria.

-O transporte dos menús elaborados nas cociñas da empresa adxudicataria ata o comedor do centro escolar, en medios axeitados e debidamente autorizados.

-A colocación das mesas do comedor, a distribución dos menús ata elas e o seu reparto entre as/ os comensais.

-As labores de recollida, limpeza e hixienización (lavado automático con temperatura superior a 82 graos do material empregado) e das dependencias do comedor.

-Tarefas de atención ao alumnado que utilice o servizo de comedor escolar; desde a finalización da última clase da mañá (desde as 14.00) durante as quendas do servizo, e durante o período posterior á utilización do servizo (ata as 16.00, agás no CEIP A Laxe onde o horario será desde as 14.40 ata as

16.40).

B) ALMORZOS:

-A elaboración dos almozos, cada día nos comedores propios de cada centro educativo.

-A colocación das mesas do comedor, a distribución dos almozos ata elas e o seu reparto entre as/os comensais.

Sendo estas as necesidades, o prego de prescricións técnicas desenvolve as prestacións que se esixen ao adxudicatario para acadar a súa satisfacción, describindo -nas súas distintas fases – tanto as esixencias para a elaboración dos menús, contido mínimo dos mesmos, o seu transporte e -por último – o servizo nos espazos habilitados polos CEIP como comedores e a atención ós usuarios de dito servizo durante, e ao rematar o servizos de almozos e xantares.

Polo tanto, existe plena idoneidad entre o fin perseguido coa contratación, nos termos do convenio suscrito, e o conxunto de prestacións que reflexan o prego de cláusulas técnico e documentación complementaria, de xeito que o cumprimento das prestacións que se esixen ao futuro adxudicatario permitirán o cumprimento do convenio suscrito.

5. XUSTIFICACIÓN, NO SEU CASO, DO PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN PROPOSTO, cando sexa distinto do procedemento aberto o restrinxido Y/O XUSTIFICACIÓN DAS RAZÓNS QUE HABILITAN A TRAMITACIÓN URXENTE OU ANTICIPADA DO EXPEDIENTE, de acordo co establecido no artigo 119 LCSP y DA 3ª.2, respectivamente.-

O presente procedemento desenvolverase como procedemento aberto.

6. ESTABILIDADE ORZAMENTARIA SOSTIBILIDADE FINANCEIRA

Como queda indicado na documentación que conforma o expediente de contratación, mediante acordo plenario foi aprobada a sinatura dun convenio de colaboración coa Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade dentro do cal este Concello asume a obriga de prestar o servizo de comedores nos CEIP do termo municipal de Ferrol, nos termos que se recollen no mesmo.

En termos de financiamento do servizo, dito convenio implica un recoñecemento por parte da Administración Autonómica a realizar unha aportación económica -definida no convenio de colaboración- para atender ó seu coste, aportación económica que fai a Administración Autonómica previa xustificación por parte deste Concello do gasto realizado no dito servizo.

Por outra parte, e toda vez que o servizo dos comedores escolares no termo municipal de Ferrol implica unha ampliación respecto da prestación ordinario do servizo de comedores escolares, o negociado de Educación ten recoñecidos créditos orzamentarios para a financiación do dito servizo na parte que lle corresponde, financiación que se completa con a aportación económica que de forma directa realizan as familias usuarias do dito servizo.

Este servizo vense prestando mediante esta modalidade dende o exercicio 2010, e polo tanto a disposición de créditos do negociado de Educación para esa finalidade vense reflectindo nos respectivos orzamentos municipais dende ese momento.

Polo tanto, a prestación deste contrato non implicará unha carga financeira nova, nin unha modificación de índole orzamentaria, e non afecta nin a estabilidade orzamentaria nin a sostibilidade financeira, toda vez a dispoñibilidade de créditos que este negociado ten recoñecidos sendo o exercicio 2010 pra a prestación do dito servizo, así como a capacidade que corresponda ó propio Concello de derivar ós usuarios do servizo unha achega económica directa dos mesmos, sen prexuízo -en todo caso- do criterio que poida corresponder ós órganos deste concello con competencia específica para o análise destas materias.

7. INFORME DE INSUFICIENCIA DE MEDIOS

A vixente Relación de Postos de Traballo non incorpora ningún dos postos necesarios para o desenvolvemento dos traballos que recolle o prego de condicións técnicas: manipulación de alimentos, elaboración de comidas e almorzos, transporte, servizo de atención dos comedores etc., nin en canto ós postos que corresponden á área de Educación nin os postos que integran a RPT no seu conxunto.

Polo tanto, este Concello carece absolutamente de medios persoais propios que permitan o desenvolvemento autónomo do conxunto de prestacións imprescindibles para sustentar a xestión cotiá dos comedores escolares dos CEIP do termo municipal de Ferrol, sendo necesaria externalizar a prestación das labours reflectidas na PPT.

8. XUSTIFICACIÓN, NO SEU CASO, DOS MOTIVOS VÁLIDOS PARA A NON DIVISIÓN DO OBXECTO DO CONTRATO EN LOTES, de acordo có establecido no artigo 99.3 LCSP.-

O contrato que se pretende non se divide en lotes, en aplicación do disposto no artigo 99.3.b da Lei de Contratos de Sector Público (Lei 9/2017).

Neste senso o citado texto legal, no seu artigo 1 establece como un obxectivo de dita lei asegurar unha eficiente utilización dos fondos públicos.

Partidindo desta esixencia, a prestación obxecto de contrato, ten un carácter netamente unitario, toda vez a súa dimensión de servizo educativo. Sendo este o resultado final da prestación contratada, a súa división en lotes implicaría, non só un encarecemento do obxecto do contrato ao esixir novas e esenciais prestacións (coordinación dos distintos aspectos parciais executados por distintas entidades mercantiles) se non unha notoria dificultad técnica que permitise garantir a perfecta conxunción dos distintos aspectos sectoriais do evento contratado.

Por outra parte, a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultaría a correcta execución do mesmo desde o punto de vista técnico:

- Este contrato desenvolverase nos 10 CEIP do Concello de Ferrol, ubicados en distintos puntos xeográficos do concello, co mesmo proxecto educativo e o mesmo grupo de idade (3-12/14 anos).

- A necesidade de coordinar as diversas prestacións veríase imposibilitada pola división en lotes do contrato así como a súa execución pola pluralidade de contratistas e conlevaría riscos para a correcta execución do contrato no seu conxunto.
- Traballar cunha única empresa é a forma máis efectiva de garantir unha igualdade no servizo de cara ao alumnado usuario e de coordinar de xeito eficaz e axeitado o servizo, o que garante unha maior calidade.

Polo tanto, a súa división en lotes é manifestamente contraria á minimización do gasto público e a eficiencia que debe perseguir todo actuar da administración, así como o garante de que o resultado final axústase netamente ao fin perseguido.

9. SUBROGACIÓN

En materia de subrogación resulta de aplicación Convenio de Hostelería da Provincia da Coruña publicado no BOP de 22 de decembro de 2022 (núm. 241), o cal se adscribe ao acordo marco estatal do sector de hostelería, que no seu Capítulo XII regula o seu dereito de subrogación.

En cumprimento do establecido no artigo 130 LCSP engádesse no prego de prescricións técnicas o documento denominado Anexo “Información sobre o persoal desceptible de ser subrogado”, a declaración responsable da empresa que actualmente presta o servizo relativa á relación do persoal adscrito ao servizo susceptible de ser subrogado.

Os ditos datos foron facilitados pola empresa actualmente prestadora do servizo sen que este órgano de contratación se responsabilice da exactitude, complexidade ou veracidade dos mesmos, todo isto sen prexuízo dos efectos xurídicos orixinados na empresa subministradora dos mesmos.

10. PROTECCIÓN DE DATOS

A execución deste contrato implica o tratamento de datos de carácter persoal coa exclusiva finalidade da prestación dos servizos derivados do mesmo.

11. CONTRATOS DE PRESTACIÓNS DIRECTAS Á CIDADANÍA

Aos efectos previstos no artigo 312 LCSP infórmase que o réxime xurídico do contrato servizo de catering e de persoal monitor/coidador de comedor escolar, nos 10 centros educativos públicos de Educación Infantil e Educación Primaria do Concello de Ferrol está formado por:

- Regulamento do servizo de comedores nos centros de educación infantil e primaria (CEIP) do termo municipal de Ferrol (BOP 8 de xuño 2021)
- De forma supletoria, o Decreto da consellería de Cultura Educación y Ordenación Universitaria 132/2013 polo que se regula os comedores escolares de los centros docentes públicos non universitarios (DOGA 13 agosto de 2013) e orde de 21 de febreiro de 2007 da Consellería de Educación e Ordeación Universitaria pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedores escolares nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería (DOGA 5 de marzo de 2007).

Ferrol, na data que figura na sinatura dixital